



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes

Aprobación das bases do Programa F0223/2024

Por resolución do Presidente da Deputación número 50206, do 28 de decembro de 2023, aprobáronse as Bases reguladoras do programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o apoio ao desenvolvemento de festivais audiovisuais, festivais musicais e de artes escénicas, e festivais mixtos e singulares na provincia da Coruña durante o ano 2024, que se transcriben deseguido:

PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O APOIO AO DESENVOLVEMENTO DE FESTIVAIS AUDIOVISUAIS, FESTIVAIS MUSICAIS E DE ARTES ESCÉNICAS, E FESTIVAIS MIXTOS E SINGULARES NA PROVINCIA DA CORUÑA DURANTE O ANO 2024

Datos do programa

Unidade xestora	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección	Sección de Educación, Cultura e Deportes
Anualidade	2024
Denominación	Programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o apoio ao desenvolvemento de festivais audiovisuais, festivais musicais e de artes escénicas, e festivais mixtos e singulares na provincia da Coruña durante o ano 2024
Beneficiarios	Entidades sen ánimo de lucro domiciliadas en Galicia que sexan as organizadoras do festival
Programa	F0223/2024
Aplicación orzamentaria	0612/3343/481
Importe da convocatoria	550.000 € Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria.
Importe mínimo da subvención solicitada	Mínimo 10.000 €
Importe da subvención que se vai conceder	Mínimo 3.000 € Máximo 45.000€
Importe solicitado	Ata o 70 % do orzamento de gastos subvencionable
Coeficiente de financiamento	Ata o 0,7000
Gasto anticipado	Si, será de aplicación o establecido na disposición adicional das Bases Xerais.

Exposición de motivos

A Deputación da Coruña, no marco das súas competencias, destina importantes recursos á actividade de fomento, principalmente mediante a concesión de axudas económicas orientadas á promoción de actividades e investimentos, e mantemento de centros e servizos considerados de interese público, coa finalidade de contribuír a que as entidades da provincia acaden os obxectivos que lles son propios e de fomentar a participación da cidadanía nos distintos ámbitos de actuación e promover a igualdade de xénero.

1.- BASES XERAIS

Bases Xerais reguladoras dos programas de subvencións da Deputación Provincial da Coruña, aprobadas por resolución do presidente da Deputación número 34561 do 14 de setembro de 2023 ([BOP número 178, luns, 18 de setembro de 2023](#)).

2.- BASES ESPECÍFICAS

Base 1. Obxectivos e réxime xurídico específico

1.1.-Obxectivos

A Deputación da Coruña convoca esta liña de subvencións como parte da súa política de apoio ás manifestacións artísticas, mediante o cofinanciamento dos festivais audiovisuais, festivais musicais e de artes escénicas, e festivais mixtos e singulares.

O ámbito dos festivais é un dos campos que, no cuantitativo e no cualitativo, máis está a centrar as políticas de fomento da área de Cultura da Deputación da Coruña nos últimos anos, atendendo de forma específica a súa realidade, con liñas de subvencións específicas, criterios claros e transparentes e permanente diálogo coas entidades interlocutoras dos diferentes sectores.

Este apoio permitiu que, en catro anos, as cantidades económicas que reciben moitos dos festivais por parte da Deputación se duplicasen ou triplicasen, contribuíndo de forma clara á mellora da calidade das programacións e, sobre todo, á mellora das condicións sociolaborais e organizativas dos eventos subvencionados. Infelizmente esta aposta polo fomento da actividade cultural profesional -que no caso da Deputación da Coruña se puxo tamén en evidencia na Rede Cultural, recuperando e superando a partir de 2015 os niveis orzamentarios previos á crise de 2009- non foi unha aposta que estivese acompañada polo conxunto de axentes e administracións públicas locais e galegas.

No contexto actual, para esta Deputación poder manter o nivel de apoio que vén dando aos festivais de artes escénicas, cinema e música da provincia, o futuro esixe avanzar da man dos propios eventos na procura dunha maior estabilidade orzamentaria, dun maior equilibrio nas axudas recibidas por parte das diferentes administracións e dunha comprensión e asunción das problemáticas que presenta a propia evolución do sistema de festivais, que medraron en número e orzamentos nos últimos anos.

Lingua galega:

O Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado en 1981, puxo fin no plano legal á prohibición e discriminación padecida pola lingua galega durante a Ditadura franquista, dispoñendo no seu artigo 5º que:

1. A lingua propia de Galicia é o galego.
2. Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar.
3. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

Pola súa banda, a Lei de Normalización Lingüística, aprobada en 1983, sinala no seu artigo 4.1 que o galego, como lingua propia de Galicia, é a lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa administración, da Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma; no seu artigo 6.1, que os cidadáns teñen dereito ao uso do galego, oralmente e por escrito, nas súas relacións coa Administración pública no ámbito territorial da comunidade autónoma; no seu artigo 6.2, que as actuacións administrativas en Galicia serán válidas e producirán os seus efectos calquera que sexa a lingua oficial empregada; no seu artigo 6.3, que os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns; e no artigo 10 que os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega e que lle corresponde á Xunta de Galicia a determinación dos nomes oficiais dos topónimos de Galicia.

Finalmente, o artigo 7.1 da Lei 5/1997 da Administración local de Galicia especifica que o galego, como lingua propia de Galicia, tamén o é da súa Administración local. Ademais, detalla que as convocatorias de sesións, ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, resolucións nas comisións informativas, actas, notificacións, recursos, escrituras públicas, comparecencias xudiciais e todos os actos de carácter público ou administrativo que se realicen por escrito en nome das corporacións locais se redactarán en lingua galega. Pola súa parte, desde o ano 2017 esta Deputación conta cunha Ordenanza de usos da lingua galega que define o marco lingüístico de funcionamento interno e os criterios que rexen neste aspecto.

A pesar do recollido no devandito marco legal, a evolución do contexto cultural e a carencia de políticas de apoio á lingua galega no plano social e educativo nas últimas décadas fai que, como sinalan todos os datos dos estudos científicos realizados ao respecto, a lingua galega continúe hoxe a vivir unha situación de evidente desigualdade social, e que a produción cultural, científica e comercial realizada en lingua galega atope grandes dificultades para se poder desenvolver en normalidade no noso propio país.

A Deputación convocante desta liña de subvencións e consciente desta realidade, considera que as administracións públicas galegas temos a obriga legal e o deber político de garantir que non se produzan discriminacións nin desigualdades,

sexan estas da natureza que sexan, e dentro delas tampouco as que se dan nos usos lingüísticos. O ámbito público debe ser exemplar no seu esforzo e compromiso para facer posible en Galicia o que hoxe claramente non o é: poder vivir con normalidade en galego, en todos os campos da vida social, cultural e económica.

Para logralo, son fundamentais as políticas públicas que apoiem claramente a diversidade cultural e garantan o dereito á produción e ao acceso cultural no noso idioma. Non existe liberdade de uso e de escolla lingüística se antes non houber garantía do coñecemento real das linguas e da posibilidade certa do seu uso en todos os ámbitos. Do mesmo xeito, non desenvolver políticas de apoio á lingua galega supón contribuír, por abandono activo de responsabilidade pública, á súa minoración social e á continuidade e agravamento da desigualdade hoxe existente.

Os eventos culturais e a Axenda 2030.

En setembro de 2015 a Asamblea Xeral da ONU adopta a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable, un plan de acción a favor das persoas, do planeta e da prosperidade, aprobada por 193 países e na que se recoñece que o maior desafío global é a erradicación da pobreza e, que sen acadalo, non pode haber desenvolvemento sustentable. A Axenda 2030 converte a década na que vivimos na década da acción e establece 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) con 169 metas de carácter integrado e indivisible que abranguen os ámbitos económico, social e ambiental.

O alcance da Axenda 2030 require da transversalidade de políticas e estratexias, así como das alianzas público-privadas para a consecución de obxectivos. A responsabilidade das diferentes administracións públicas tradúcese no impulso de marcos normativos para a implementación da axenda, na mobilización de recursos e na posta en marcha de liñas de acción que impliquen á cidadanía no seu conxunto.

En 2018 o Estado español presenta o seu plan de acción perante a ONU tras crear un ano antes o Grupo de Alto Nivel para a Axenda 2030 (GAN), aprobando unha proposición non de lei a finais dese ano e promovendo en 2018 o Alto Comisionado para a Axenda 2030.

A administración autonómica galega crea en 2019, a través do DECRETO 142/2019, de 31 de outubro, a Comisión interdepartamental para o seguimento da Axenda 2030 en Galicia, adscrita á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Así mesmo a Deputación da Coruña, no seu Plan Estratéxico de Subvencións, establece que na planificación da actuación de fomento provincial tamén deben estar presentes os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) incorporados á Axenda 2030.

A acción cultural é un factor imprescindible de desenvolvemento para a comunidade, polo seu carácter altamente transformador, creativo e innovador, pola súa contribución ao desenvolvemento das persoas e dos territorios, e pola súa apropiación e apoio respecto da Axenda 2030.

Como parte activa da cultura, as entidades, empresas, artistas, axentes culturais e públicos, están chamados a ter un papel central neste proceso. Os eventos culturais, nomeadamente os festivais, obxecto desta convocatoria, débúxanse como espazos privilexiados para a convivencia, a innovación social, a reflexión e os debates, e o exercicio colectivo da responsabilidade. Son ferramentas, máis se cabe no actual contexto de pandemia, con capacidade para transformar territorios, crear redes, promover talentos, experimentar procesos de innovación, impulsar a concienciación, e contribuír ao benestar comunitario.

O Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente define un evento sustentable como aquel evento deseñado, organizado e desenvolvido de maneira que se minimicen os potenciais impactos negativos ambientais e que deixe un legado beneficioso para a comunidade anfitroia e todos os axentes involucrados. Unha definición coa que se liga a organización de eventos coas tres dimensións da sustentabilidade: ambiental, social e económica.

Desde a Área de Cultura da Deputación da Coruña enténdese que o apoio ao sector cultural ten que articularse cada vez de maneira máis manifesta ao redor dos impactos positivos e do compromiso da acción cultural coa comunidade na que se desenvolve. As liñas de subvencións nesta área deben incorporar de maneira progresiva nos seus criterios de valoración os novos retos e esixencias vinculados aos intereses colectivos e ao enfoque do desenvolvemento sustentable, sen esquecer que isto implica formación, ferramentas e recursos.

No horizonte máis próximo semella unha tarefa ineludible á hora de deseñar os eventos culturais garantir a igualdade de xénero e o apoio á contorna local, obter un diagnóstico que permita identificar os grupos de interese así como as barreiras que impiden a accesibilidade universal dos eventos ou a posta en marcha de procesos de xestión medioambiental. As políticas de fomento da área de Cultura da Deputación, como entidade cofinanciadora dos festivais, non deben cingirse só a unha función de esixencia senón tamén de diálogo, acompañamento e colaboración no proceso de consecución de eventos que sexan referentes no exercicio da responsabilidade co planeta, coa contorna e cos seus públicos.

1.2- Réxime xurídico específico:

- Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

Base 2. Obxecto

Para os efectos deste programa, entenderanse por festivais aqueles eventos culturais con identificación e marca propia e recoñecible, programación diversa que aglutine diferentes propostas artísticas, organizado periodicamente, con data de celebración consolidada e orientada á consecución de públicos amplos ao redor dunha proposta de contidos coherente e definida. Esta liña de subvencións diríxese a apoiar economicamente este tipo de eventos, e non as programacións culturais municipais ou aquelas actividades culturais que se dan no marco de eventos gastronómicos, turísticos ou festivos. Poderán concorrer a esta convocatoria festivais que teñan acadado unha clara identidade propia como tal e que fagan parte dun evento de carácter económico ou turístico máis amplo.

A modo de exemplo, entendemos como festivais, o Festival de Ortigueira ou a Festa da Carballeira de Zas (música), o FIOT de Carballo ou a Mostra de Teatro de Cariño (artes escénicas) ou os festivais Curtocircuíto ou Chanfaina Lab (audiovisual).

Este programa diríxese a aqueles festivais audiovisuais, musicais e escénicos con programación de carácter profesional que se celebren na provincia da Coruña, baixo os seguintes criterios:

- Non poderán presentarse á subvención festivais que non teñan un mínimo de 3 edicións xa realizadas con anterioridade á publicación desta convocatoria.
- As entidades non poderán presentar máis dunha solicitude de subvención para un festival.
- A realización do festival será de exclusiva responsabilidade das entidades, así como as obrigas fiscais e de seguridade social que delas se deriven.
- Aqueles festivais que soliciten unha subvención inferior a 10.000 € deberán facelo dentro do programa FO203. O mesmo ocorre cos festivais con programación de carácter non profesional (festivais de teatro escolar, festivais de teatro amateur, festivais de música non profesional, etc.)

O festival ten que cumprir, como mínimo, para poder optar á subvención, os **requisitos** seguintes:

- Os festivais deberán contar cun plan de sustentabilidade, vinculado aos obxectivos da Axenda 2030, que deberá contemplar medidas e accións no seguintes ámbitos:
 - ámbito social (medidas en favor da igualdade de xénero, da inclusión e da accesibilidade, emprego dunha comunicación inclusiva, non discriminatoria e comprometida coa normalización social da lingua galega);
 - ámbito medioambiental (medidas para reducir o volume de residuos xerados e a enerxía consumida, medidas para garantir o acceso gratuíto á auga potable, etc);
 - ámbito económico (colaboración con entidades e artistas locais, medición de indicadores económicos, de igualdade de xénero, de consumo enerxético, etc).
- No caso dos **festivais audiovisuais**, a programación contará cunha sección, como mínimo, para producións galegas en V.O.
- No caso dos **festivais de música e/ou artes escénicas**, do conxunto de artistas programados un 40% das bandas, grupos e/ou compañías deberán ser galegas.
- No caso de **festivais de artes escénicas**, o 50% das obras que utilicen a expresión oral deberán ser en lingua galega.
- No caso de **festivais musicais**, o 30% dos grupos que utilicen a expresión oral en sus actuacións deberán ser en lingua galega.
- No caso de festivais **mixtos e singulares**, sobre o conxunto da programación artística do festival, estes deberán cumprir os seguintes requisitos para poder ter acceso a esta liña de subvencións:
 - cando menos o 50 % do total de artistas/bandas/compañías do festival deberán ser galegas.
 - cando menos o 50 % do total de artistas/bandas/compañías que participen no festival deben desenvolver en galego o seu espectáculo ou proposta artística.
- Toda a sinalética, soportes de difusión e contidos divulgativos do festival (web, redes sociais, folletos, cartelería, publicacións...) deberán realizarse en **lingua galega**, sen que iso exclúa a posibilidade de incluíren tamén outras linguas.

Deberá acreditarse o cumprimento destes requisitos no trámite da xustificación, na memoria da actividade realizada.

O incumprimento dalgún destes requisitos levará parella a perda da subvención concedida.

Ámbito temporal:

As actividades obxecto deste programa deben realizarse no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024.

Base 3. Gastos subvencionables**3.1-** Subvencionaranse unicamente os seguintes conceptos:**A) Desenvolvemento de actividades**, que inclúe:

- os materiais funxibles precisos para a realización da actividade
- os arrendamentos e canons, tanto de recintos como de equipos necesarios para a realización do festival, **excluído o arrendamento do local social da entidade**.
- as contratacións externas de servizos
- o transporte necesario para a realización das actividades
- os gastos de seguros necesarios no momento do festival e unicamente para o seu período
- a difusión das actividades (cartelería, materiais de imprenta, publicidade en medios, etc)
- edición e publicación de libros, catálogos e outros soportes

B) Soldos e salarios e Seguridade Social do persoal contratado pola entidade para a realización das actividades.

Conta	Descrición da conta, segundo o PXCENL
600	Compras de bens destinados á actividade (material non inventariable)
607	Traballos realizados por outras empresas para o desenvolvemento da actividade
621	Arrendamentos e canons
624	Transportes (só gastos de desprazamentos concertados con terceiros en transporte público ou privado agás os que deban incluírse na conta 629)
625	Primas seguros (unicamente o importe do seguro correspondente ao período de realización do festival)
627	Publicidade e propaganda
629	Outros servizos (só gastos de viaxe -desprazamentos, manutención ou aloxamento- do persoal da entidade necesarios para a realización da actividade)
640	Soldos e salarios
641	Indemnizacións
642	Seguridade social a cargo da entidade
647	Anticipos dos socios traballadores de cooperativas

Consideracións con respecto aos gastos subvencionables:

- Respecto dos gastos de transporte, aloxamento e manutención, terán que estar directamente vinculados coa realización das actividades subvencionadas. Deberá acreditarse esta vinculación na memoria da actividade, no trámite da xustificación, indicando o motivo, persoas e datas. Ademais, no caso dos desprazamentos, deberase indicar a orixe e o destino.

- No caso de incluír gastos de persoal a entidade terá que orzamentar separadamente o importe correspondente aos soldos e salarios (conta 640) e o importe da seguridade social a cargo da entidade (conta 642).

Unicamente se terán en conta os gastos do persoal contratado para as actividades subvencionadas. Deberá acreditarse esta vinculación na memoria da actividade, no trámite da xustificación.

Indicarase para cada traballador/a e mes o importe bruto da nómina (na conta 640) xustificando mediante as nóminas correspondentes e o seu xustificante de pago. O importe da Seguridade Social con cargo á entidade (na conta 642) xustificando mediante o informe de “Cálculos globais do/a traballador/a”.

- Na **conta 607** “Traballos realizados por outras empresas” inclúense:
 - Traballos do proxecto encargados a outras empresas
 - Os gastos de manutención ou aloxamento do persoal externo á entidade solicitante necesarios para a realización da actividade.

3.2- Actividades ou gastos excluídos:

- Unicamente serán obxecto de axuda os gastos de carácter corrente, en ningún caso bens inventariables.
- Os festivais, mostras e encontros de música coral, bandas de música popular e bandas de música e baile tradicional galego.
- As actuacións de agrupacións artísticas incluídas na Rede Cultural da Deputación.
- Os gastos de carácter xeral da entidade (persoal e gastos correntes), salvo naqueles casos nos que se xustifique, mediante declaración do/a representante legal, que os ditos gastos se derivan unicamente da execución da actividade, en cuxo caso terán a consideración de gastos directos; nestes casos, estes gastos deberán especificarse motivadamente na memoria da actividade no trámite da xustificación.
- Os gastos de desprazamento, manutención e aloxamento, salvo que estean vinculados directamente á realización de festivais, mostras e encontros, o que deberá especificarse motivadamente na memoria da actividade no trámite da xustificación.
- As actividades deportivas e de tempo libre, de promoción económica, de servizos sociais e de turismo.

Base 4. Compatibilidades e exclusións

As subvencións deste programa son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

As entidades que opten por este programa poderán tamén obter subvención nos seguintes programas:

- FO200: programa de subvencións a fundacións e a entidades sen fins de lucro da provincia da Coruña titulares de museos, centros de interpretación ou bibliotecas, para o desenvolvemento de actividades culturais durante o ano 2024.
- FO203: programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para realizar actividades culturais durante o ano 2024.
- FO204: programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para realizar investimentos culturais durante o ano 2024.

Base 5. Entidades solicitantes

Poderán acceder a estas axudas as entidades sen fin de lucro domiciliadas en Galicia que sexan as organizadoras do festival para o que se solicita subvención e que este se desenvolva dentro do territorio da provincia da Coruña. No caso das Fundacións, quedan excluídas as Fundacións con sede na provincia da Coruña que teñan a consideración de medios propios e instrumentais da administración autonómica ou estatal.

As cooperativas que sexan cualificadas como sen ánimo de lucro poderán solicitar subvención nesta convocatoria.

Entidades excluídas:

- As corais polifónicas, bandas de música populares, entidades de música e baile tradicional galego e formacións musicais de grande formato da provincia da Coruña (que teñen o programa específico FO213).
- Persoas ou entidades que foran sancionadas ou condenadas por resolución administrativa ou sentenza firme pola comisión de condutas discriminatorias nos termos dispostos na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, así como no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aprobou o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Persoas ou entidades que utilicen na súa actividade linguaxe sexista ou empreguen a imaxe da muller como reclamo ou connotacións de tipo sexual ou denigrante segundo o disposto no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro.

Base 6. Compromisos e obrigas específicas

6.1.- Compromisos coa Deputación. A entidade comprométese a:

- comunicar por escrito á área de Cultura da Deputación da Coruña o acto de presentación do festival, para que esta poida estar representada nel a través da persoa que se designe para este efecto.
- no caso dos festivais audiovisuais, a emisión dun clip promocional de apoio á cultura galega realizado pola Deputación da Coruña, que será facilitado pola área de Cultura aos festivais subvencionados.

6.2.- Difusión do apoio da Deputación - Inclusión do logotipo da Deputación nos materiais de difusión do festival (carteis, catálogos, vídeos, publicacións, programa de man...)

6.3.- Páxina web. Inclusión do logotipo de Deputación na páxina web do festival, ou no caso de non ter, na páxina web da entidade.

6.4.- Lingua galega. Non se subvencionarán festivais que exclúan a lingua galega en calquera das súas actividades, materiais ou contidos.

Todas as actividades e materiais de comunicación, divulgación e desenvolvemento do festival deberán ter como lingua vehicular a lingua galega, sen prexuízo de que tamén poidan incluír outras linguas.

A sinalética, soportes de difusión e todos os contidos divulgativos da entidade e do seu espazo ou sede (web, redes sociais, folletos, cartelería, publicacións...) deben estar en lingua galega, sen que isto exclúa a posibilidade de que tamén estea noutras.

As obrigas de publicidade entenderanse desde a data de concesión ata o pagamento da subvención.

Base 7. Valoración das solicitudes e concesión

A concesión das subvencións realizarase mediante réxime de concorrencia competitiva e será aprobada por resolución da presidencia, polo procedemento de **concesión provisional/definitiva** regulado nas bases xerais destas axudas.

A cantidade que se concederá será a suma agregada dos diferentes criterios e as súas respectivas ponderacións, tendo en conta os límites máximos e mínimos cuantitativos e porcentuais establecidos, así como o redondeo ao céntimo das cantidades resultantes.

A selección das peticións e a contía das subvencións determinarase despois da consideración dos proxectos, de acordo cos baremos establecidos nesta convocatoria.

Esta cantidade en ningún caso poderá superar os 45.000 €.

Para a revisión das solicitudes, o baremo e puntuación destas crearase unha **comisión técnica**, que estará composta por tres persoas expertas e de recoñecida traxectoria no ámbito cultural obxecto desta convocatoria, que non teñan relación con ningún dos solicitantes nin relación directa cos proxectos que se poidan presentar.

Esta comisión poderá propoñer a exclusión de solicitudes por inadecuación argumentada destas ou falta de calidade mínima dos proxectos para os que se solicita a axuda.

A entidade deberá completar todos os apartados dos modelos da Memoria e do Dossier, para posibilitar a adecuada valoración das solicitudes. Non se terán en conta para o baremo -nin se fará requirimento deles- aqueles aspectos do Dossier e da Memoria non acreditados ou non informados debidamente pola entidade solicitante.

Esta convocatoria ten tres modalidades:

A. FESTIVAIS AUDIOVISUAIS

VALORACIÓN DIRECTA DE DATOS: ata 60 puntos

Valoraranse os seguintes aspectos:

A1. Traxectoria do festival, ata 10 puntos.

- Máis de 5 anos de traxectoria, 2,5 puntos.
- Máis de 10 anos de traxectoria, 5 puntos.
- Máis de 15 anos de traxectoria, 7,5 puntos.
- Máis de 20 anos de traxectoria, 10 puntos.

A2. Valoración da última edición: ata 25 puntos.

- Presenza de obras cinematográficas de fóra de Galicia na última edición: ata 3 puntos.

Relación de filmes ou pezas audiovisuais de fóra de Galicia exhibidas no festival. Indíquese o título, director/a e país de cada unha delas. Concederase 0,25 puntos por cada obra.

- Actividades complementarias na última edición: ata 4 puntos.
 - Relación de actividades formativas, educativas e complementarias (encontros profesionais, conferencias...) desenvolvidas na edición anterior (última edición) , con explicación sintética de cada unha delas. 0,25 puntos por cada unha.
- Esfuerzo de difusión e impacto social do festival na última edición: ata 5 puntos.
 - Web e Redes Sociais.

- 1 punto por contar con páxina web propia actualizada, 2 puntos caso desta páxina web ter dominio.gal como dominio principal. Presentarase enlace directo.
- 1 punto se o festival ten perfís actualizados e funcionando con normalidade en cando menos 2 redes sociais diferentes. Presentarase enlaces directos.
- Catálogo físico do festival na última edición. Enténdese por catálogo unha publicación que achegue información completa das actividades e oferta cultural do festival, formas de acceso, actividades complementarias, etc. A efectos de comprobación presentarase PDF da publicación ou enlace dixital a esta: ata 1 punto.
- Contidos promocionais e divulgativos do festival realizados en formato audiovisual na última edición: ata 1 punto. Presentarase enlace directo.
- Esfuerzo de autofinanciamento do festival na última edición: ata 3 puntos.
 - Relación de actividades do festival con cobro de entrada e ingresos totais por cobro de entrada na edición do ano anterior. Teranse en conta unicamente as vinculadas a espectáculos artísticos (proxección de filmes, concertos, espectáculos escénicos), excluíndose aquelas vinculadas a festas, celebracións gastronómicas ou outros eventos de carácter non especificamente cultural. Ata 2 puntos.
 - Só se valorará no caso dos festivais que teñan incluído este concepto na xustificación da subvención do ano anterior.
 - Relación de materiais propios do festival (camisolas, carteis, merchandising...) postos á venda e ingresos totais por venda ao público na edición do ano anterior: ata 1 punto.
 - Só se valorará no caso dos festivais que teñan incluído este concepto na xustificación da subvención do ano anterior.
- Impacto sociolaboral do festival da última edición: ata 10 puntos.
 - O festival contratou equipa/persoal de produción: ata 4 puntos. Indicarase expresamente que persoas, para que funcións e durante canto tempo (en número de horas).
 - O festival contratou equipa/persoal de prensa e comunicación: ata 4 puntos. Indicarase expresamente que persoas, para que funcións e durante canto tempo (en número de horas).
 - O festival contratou outros servizos externos, a maiores dos anteriores, para o seu desenvolvemento: ata 2 puntos. Indicarase cales e para que funcións.

A3. Valoración da edición para a que se solicita axuda: ata 25 puntos.

- Apoio ao sector audiovisual galego: ata 7 puntos. Indicarase relación de producións con V.O. en galego: mínimo de tres producións: 3 puntos. 1 punto por cada unha a maiores, ata un máximo de 7 puntos. Indicarase nome da peza audiovisual que se vai proxectar, do seu director/a e do lugar previsto para a proxección.
- Apoio á dobraxe e ao subtítulado en lingua galega: ata 3 puntos. Indicarase relación de filmes non galegos que se van proxectar con subtítulado ou dobraxe á lingua galega: 1 punto por filme, ata un máximo de 3.
- Produción propia do festival: ata 2 puntos. Indicarase relación dos libros e/ou filmes a editar polo festival, en formato dixital ou físico, na edición de 2024: 1 punto por título. Indicarase nome, sinopse, autor/a de cada un e sistema previsto para a súa distribución e chegada aos públicos.
- Programas de cooperación con outros eventos a nivel estatal e internacional: ata 3 puntos. Indicarase relación dos eventos e entidades de fóra de Galicia cos que o festival colabora na súa edición de 2024: 1 punto por cada evento ou entidade colaboradora.
- *Viabilidade económica do proxecto: ata 10 puntos. Indicarase e valorarase a porcentaxe de subvención solicitada con respecto ao orzamento global (con IVE) do proxecto.*

A4. VALORACIÓN DA COMISIÓN TÉCNICA: ata 40 puntos, a través de informe técnico de valoración da calidade e interese do festival e da proposta para 2024, no que se teñen en conta os seguintes aspectos:

- Valoración da traxectoria histórica do festival: ata 10 puntos asignados tendo en conta: a natureza do festival, a traxectoria e a incidencia dentro do panorama audiovisual galego e estatal.
- Valoración do perfil do festival e do seu interese cultural: ata 10 puntos, asignados tendo en conta a singularidade do festival e a súa especialización e diferenciación con respecto a outros certames, pola contribución que supoña a un mapa galego de festivais diversificado, plural e con diferentes tipos de contidos e discursos.

- Calidade da programación proposta para 2024: ata 10 puntos asignados segundo o interese do proxecto en relación coa temática e coa especialización e diferenciación con outros certames audiovisuais do panorama galego e estatal.
- Plan de comunicación do evento en 2024: ata 5 puntos; valoraranse a estratexia, a amplitude de medios ao que vai dirixido e o período de tempo dedicado á execución do plan.
- Compromiso coa Axenda 2030: ata 5 puntos, a través da valoración do plan de sustentabilidade.

Para a súa valoración a Comisión de Valoración Técnica terá acceso, ademais de á Memoria de Actividades, aos documentos do Dossier da última edición, do Dossier de prensa e do Orzamento.

Quedarán excluídos das subvencións aqueles festivais que non acaden un **mínimo de 40 puntos** no conxunto dos catro apartados de valoración, dos que, polo menos, 20 puntos corresponderán ao apartado de valoración da comisión técnica.

B. FESTIVAIS ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS

VALORACIÓN DIRECTA DE DATOS: ata 60 puntos

Valoraranse os seguintes aspectos:

B1. Traxectoria do festival, ata 10 puntos.

- Máis de 5 anos de traxectoria, 2,5 puntos.
- Máis de 10 anos de traxectoria, 5 puntos.
- Máis de 15 anos de traxectoria, 7,5 puntos.
- Máis de 20 anos de traxectoria, 10 puntos.

B2. Valoración da última edición : ata 25 puntos

- Actividades complementarias na última edición: ata 5 puntos.

Relación de actividades formativas, educativas e complementarias (encontros profesionais, conferencias...) desenvolvidas na última edición, con explicación sintética de cada unha delas, indicando datas de celebración, lugar, contidos e natureza das actividades. 0,5 puntos por cada unha.

- Esfuerzo de difusión e impacto social do festival na última edición: ata 5 puntos.
 - Web e Redes Sociais.
 - 1 punto por contar con páxina web propia actualizada, 2 puntos caso desta páxina web ter dominio.gal como dominio principal. Presentarase enlace directo.
 - 1 punto se o festival ten perfís actualizados e funcionando con normalidade en cando menos 2 redes sociais diferentes. Presentarase enlaces directos.
 - Catálogo físico do festival na última edición. Enténdese por catálogo unha publicación que achegue información completa das actividades e oferta cultural do festival, formas de acceso, actividades complementarias, etc. Para os efectos de comprobación presentase PDF da publicación ou enlace dixital a esta: ata 1 punto.
 - Contidos promocionais e divulgativos do festival realizados en formato audiovisual na última edición: ata 1 punto. Presentarase enlace directo.
- Esfuerzo de autofinanciamento do festival na última edición: ata 3 puntos.
 - Relación de actividades do festival con cobro de entrada e ingresos totais por cobro de entrada na edición do ano anterior. Teranse en conta unicamente as vinculadas a espectáculos artísticos (proxección de filmes, concertos, espectáculos escénicos), excluíndose aquelas vinculadas a festas, celebracións gastronómicas ou outros eventos de carácter non especificamente cultural. Ata 2 puntos. Só se valorará no caso dos festivais que teñan incluído este concepto na xustificación da subvención do ano anterior.
 - Relación de materiais propios do festival (camisolas, carteis, merchandising..) postos á venda e ingresos totais por venda ao público na edición do ano anterior: 1 punto. Só se valorará no caso dos festivais que teñan incluído este concepto na xustificación da subvención do ano anterior.
- Impacto sociolaboral do festival da última edición: ata 12 puntos.
 - O festival contratou equipa/persoal de produción: ata 4 puntos. Indicarase expresamente que persoas, para que funcións e durante canto tempo (en número de horas).
 - O festival contratou equipa/persoal de prensa e comunicación: ata 4 puntos. Indicarase expresamente que persoas, para que funcións e durante canto tempo (en número de horas).

- O festival contratou outros servizos externos, a maiores dos anteriores, para o seu desenvolvemento: ata 4 puntos. Indicarase cales e para que funcións.

B3. Valoración da edición para a que se solicita axuda: ata 25 puntos

- Apoio ao sector musical e escénico galego. Ata 4 puntos.
 - Os festivais deben cumprir os mínimos requiridos na base 2 no que ten a ver coa presenza na programación de artistas galegos e de artistas que desenvolven o seu espectáculo ou proposta artística en galego. Darase 1 punto por cada artista, banda ou compañía galega co que o festival supere os mínimos requiridos, ata un máximo de 4 puntos.
- Cooperación e impacto territorial e sociocultural: ata 3 puntos.
 - O festival colabora nalgunha das súas seccións con entidades sen fins de lucro de carácter social (cooperación internacional, asistencial, educativo, medioambiental, de promoción da lingua galega, en favor da igualdade de xénero, etc). Indicarase a relación completa de cales e o obxecto específico da colaboración. 0,5 puntos por entidade. (Non se aceptarán obxectos xenéricos sen concretar: traballar pola igualdade, traballar polo medio ambiente)
- Apoio á creación e produción de novos contidos: ata 3 puntos.
 - O festival publicará libros, discos ou produce contidos escénicos ou audiovisuais de carácter creativo (non publicitario) vinculados á súa edición de 2024. Indicarase a relación completa de cales, indicando título, autor/a e sinopse dos contidos. 1 punto por título.
- Viabilidade económica do proxecto: ata 15 puntos; valorarase a porcentaxe de subvención solicitada con respecto ao orzamento global (con IVE) do proxecto.

B4. VALORACIÓN DA COMISIÓN TÉCNICA: ata 40 puntos, a través de informe técnico de *valoración da calidade e interese do festival e da proposta para 2024*, no que se teñen en conta os seguintes aspectos:

- Valoración da traxectoria histórica do festival: ata 10 puntos asignados tendo en conta: a natureza do festival, a traxectoria e a incidencia dentro do panorama galego e estatal.
- Valoración do perfil do festival e do seu interese cultural: ata 10 puntos, asignados tendo en conta a singularidade do festival e a súa especialización e diferenciación con respecto a outros certames, pola contribución que supoña a un mapa galego de festivais diversificado, plural e con diferentes tipos de contidos e discursos.
- Calidade da programación proposta para 2024: ata 10 puntos asignados segundo o interese do proxecto de programación en relación coa calidade dos artistas e propostas seleccionadas, a coherencia coa especialización e natureza do festival, o interese cultural do festival para o sistema cultural galego, o impacto previsíbel en relación aos públicos destinatarios.
- Plan de comunicación do evento en 2024: ata 5 puntos; valorarase a estratexia, a amplitude de medios ao que vai dirixido e o período de tempo dedicado á execución do plan.
- Compromiso coa Axenda 2030: ata 5 puntos, a través da valoración do plan de sustentabilidade.

Para a súa valoración a Comisión de Valoración Técnica terá acceso, ademais de á Memoria de Actividades, aos documentos do Dossier da última edición, do Dossier de prensa e do Orzamento.

Quedarán excluídos das subvencións aqueles festivais que non acaden un **mínimo de 40 puntos** no conxunto dos catro apartados de valoración, dos que, polo menos, 20 puntos corresponderán ao apartado de valoración da comisión técnica.

C. FESTIVAIS MIXTOS E SINGULARES

Incluíranse neste apartado aqueles festivais que cumpran as seguintes características:

- un mínimo de tres edicións realizadas
- formato de festival, tal e como se explica na presente convocatoria
- carácter claramente cultural das actividades
- diversidade das actividades (escénica, musical, audiovisual, literaria, patrimonial...)
- sen que ningunha delas sexa claramente predominante e defina o carácter do festival

VALORACIÓN DIRECTA DE DATOS: ata 60 puntos

Valorarase os seguintes aspectos:

C1. Traxectoria do festival, ata 10 puntos.

- Máis de 5 anos de traxectoria, 2,5 puntos.
- Máis de 10 anos de traxectoria, 5 puntos.
- Máis de 15 anos de traxectoria, 7,5 puntos.
- Máis de 20 anos de traxectoria, 10 puntos.

C2. Valoración da última edición : ata 25 puntos

- Orzamento do festival na última edición: ata 5 puntos.

Indicarase o orzamento co que contou o festival e valorarase de acordo co seguinte:

- menos de 15.000 euros, 1 punto
- entre 15.000 e 30.000 euros, 2,5 puntos
- máis de 30.000 euros, 5 puntos
- Esfuerzo de difusión e impacto social do festival na última edición: ata 5 puntos.
 - Web e Redes Sociais.
- 1 punto por contar con páxina web propia actualizada, 2 puntos caso desta páxina web ter dominio.gal como dominio principal. Presentarase enlace directo.
- 1 punto se o festival ten perfís actualizados e funcionando con normalidade en cando menos 2 redes sociais diferentes. Presentarase enlaces directos.
 - Catálogo físico do festival na última edición. Enténdese por catálogo unha publicación que achegue información completa das actividades e oferta cultural do festival, formas de acceso, actividades complementarias, etc. Para os efectos de comprobación presentarse PDF da publicación ou enlace dixital a esta: ata 1 punto.
 - Contidos promocionais e divulgativos do festival realizados en formato audiovisual na última edición: ata 1 punto. Presentarase enlace directo.
- Esfuerzo de autofinanciamento do festival na última edición: ata 3 puntos.
 - Relación de actividades do festival con cobro de entrada e ingresos totais por cobro de entrada na edición do ano anterior. Teranse en conta unicamente as vinculadas a espectáculos artísticos (proxección de filmes, concertos, espectáculos escénicos, etc), excluíndose aquelas vinculadas a festas, celebracións gastronómicas ou outros eventos de carácter non especificamente cultural. Ata 2 puntos. Só se valorará no caso dos festivais que teñan incluído este concepto na xustificación da subvención do ano anterior.
 - Relación de materiais propios do festival (camisolas, carteis, merchandising...) postos á venda e ingresos totais por venda ao público na edición do ano anterior: 1 punto. Só se valorará no caso dos festivais que teñan incluído este concepto na xustificación da subvención do ano anterior.
- Impacto sociolaboral do festival da última edición: ata 12 puntos.
 - O festival contratou equipa/persoal de produción: ata 4 puntos. Indicarase expresamente que persoas, para que funcións e durante canto tempo (en número de horas).
 - O festival contratou equipa/persoal de prensa e comunicación: ata 4 puntos. Indicarase expresamente que persoas, para que funcións e durante canto tempo (en número de horas).
 - O festival contratou outros servizos externos, a maiores dos anteriores, para o seu desenvolvemento: ata 4 puntos. Indicarase cales e para que funcións.

C3. Valoración da edición para a que se solicita axuda: ata 25 puntos

- Cooperación e impacto territorial e sociocultural: ata 7 puntos.
 - O festival colabora nalgunha das súas seccións con entidades sen fins de lucro de carácter social (cooperación internacional, asistencial, educativo, medioambiental, de promoción da lingua galega, en favor da igualdade de xénero, etc). Indicarase a relación completa de cales e o obxecto específico da colaboración. 0,5 puntos por entidade. (Non se aceptarán obxectos xenéricos sen concretar: traballar pola igualdade, traballar polo medio ambiente)
- Apoio á creación e produción de novos contidos: ata 8 puntos.
 - O festival publicará libros, discos ou produce contidos escénicos ou audiovisuais de carácter creativo (non publicitario) vinculados á súa edición de 2024. Indicarase a relación completa de cales, indicando título, autor/a e sinopse dos contidos. 2 puntos por título.

- Viabilidade económica do proxecto: ata 10 puntos; valorarase a porcentaxe de subvención solicitada con respecto ao orzamento global (con IVE) do proxecto.

C4. VALORACIÓN DA COMISIÓN TÉCNICA: ata 40 puntos, a través de informe técnico de *valoración da calidade e interese do festival e da proposta para 2024*, no que se teñen en conta os seguintes aspectos:

- Valoración da traxectoria histórica do festival: ata 5 puntos asignados tendo en conta: a natureza do festival, a traxectoria e a incidencia dentro do panorama galego e estatal.
- Valoración do programa de actividades desenvolvido na última edición: ata 5 puntos.
- Valoración do apoio do festival ao panorama artístico galego: ata 5 puntos.

Sobre o conxunto da programación artística do festival, estes deberán cumprir os seguintes requisitos para poder ter acceso a esta liña de subvencións:

- cando menos o 50 % do total de artistas/bandas/compañías do festival deben ter o seu enderezo social na Comunidade Autónoma Galega
- cando menos o 50 % do total de artistas/bandas/compañías que participen no festival deben desenvolver en galego o seu espectáculo ou proposta artística

A Comisión de Valoración Técnica valorará, ata 5 puntos, o compromiso do festival coa lingua galega e co sector cultural do noso país, a partir sempre do cumprimento dos requisitos explicados.

- Valoración do perfil do festival e do seu interese cultural: ata 10 puntos, asignados tendo en conta a singularidade do festival e a súa especialización e diferenciación con respecto a outros certames, pola contribución que supoña a un mapa galego de festivais diversificado, plural e con diferentes tipos de contidos e discursos.
- Calidade da programación proposta para 2024: ata 5 puntos asignados segundo o interese do proxecto de programación en relación coa calidade dos artistas e propostas seleccionadas, a coherencia coa especialización e natureza do festival, o interese cultural do festival para o sistema cultural galego, o impacto previsíbel en relación aos públicos destinatarios.
- Plan de comunicación do evento en 2024: ata 5 puntos; valoraranse a estratexia, a amplitude de medios ao que vai dirixido e o período de tempo dedicado á execución do plan.
- Compromiso coa Axenda 2030: ata 5 puntos, a través da valoración do plan de sustentabilidade.

Para a súa valoración a Comisión de Valoración Técnica terá acceso, ademais de á Memoria de Actividades, aos documentos do Dossier da última edición, do Dossier de prensa e do Orzamento.

Quedarán excluídos das subvencións aqueles festivais que non acaden un **mínimo de 40 puntos** no conxunto dos catro apartados de valoración, dos que, polo menos, 20 puntos corresponderán ao apartado de valoración da comisión técnica.

Base 8. Prazo de xustificación

A xustificación poderá presentarse a partir do día seguinte á publicación da resolución de concesión definitiva das subvencións no BOP. O prazo para a xustificación das subvencións rematará o día 31 de marzo de 2025, ás 14:00 horas.

Disposición adicional primeira

A presentación dunha solicitude de subvención supón a aceptación das correspondentes bases reguladoras.

Disposición adicional segunda

En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito a favor das entidades solicitantes mentres non se dean as condicións orzamentarias, procedementais e xurídicas de aplicación.

3-ANEXO DOCUMENTACIÓN

ANEXO I - Documentación da solicitude.

- Declaración de estar legalmente constituída antes de presentar a solicitude, de dispor de estatutos debidamente inscritos no rexistro público correspondente e adaptados á lexislación vixente.
- Certificación do acordo de solicitude, de representación, delegación e do nº de persoas asociadas.
- Solicitude de autorización, se procede, en caso de que a persoa solicitante concerte a execución total ou parcial da actividade ou proxecto subvencionado con persoas físicas ou xurídicas vinculadas á entidade, (segundo o disposto no artigo 29.7.d), da Lei xeral de subvencións, artigo 68 do Regulamento desta Lei aprobado por RD 887/2006, do 21 de xullo e bases xerais da convocatoria).

- No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores de idade, certificación de que comprobou que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como trata de seres humanos. Igualmente, para o persoal que se incorpore con posterioridade ás actividades subvencionadas, compromiso de facer a comprobación a que se refire este apartado.
- No caso de que a realización das actividades **non** implique o contacto habitual con menores de idade, deberán achegar unha certificación da entidade neste senso.
- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.
- Declaración de non estar incurso en ningunha das **prohibicións** establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración do emprego da lingua galega na presentación, desenvolvemento e difusión social do proxecto.
- Estatutos da entidade adaptados á lexislación vixente, nos que conste a inscrición no rexistro público correspondente
- Deberán de achegar a seguinte documentación:

1.- **Dossier Informativo** que conterá os seguintes aspectos:

- a. nome completo e logotipo do festival
 - b. ano da primeira edición e número de anos en funcionamento
 - c. natureza artística do festival, obxectivos e finalidade coa que se puxo en marcha e se desenvolve
 - d. persoa ou persoas directoras/responsábeis da dirección e organización do festival
 - e. sede do festival
 - f. públicos aos que se dirixe
 - g. enlace directo á páxina web e redes sociais
 - h. orzamentos totais das últimas tres edicións
- poios económicos recibidos de administracións e/ou patrocinadores privados na última edición

2.- **Memoria de actividades**

As entidades solicitantes presentarán unha **Memoria de actividades** na que se informará da última edición e da edición para a que se solicita subvención.

Seguindo directamente o esquema de valoración das solicitudes indicado na base 7 da parte específica desta convocatoria, a Memoria de actividades incluírá os seguintes documentos:

2.1 Memoria da edición do festival da última edición á edición que se presenta á subvención, que conterá todos os aspectos que se valorarán segundo o establecido na base 7 da parte específica. Esta memoria achegarase cunha declaración responsable sobre a veracidade da información, que a Deputación da Coruña poderá comprobar en calquera momento.

2.2 Memoria completa e detallada do proxecto para o cal se solicita a subvención, na que se indicará o cumprimento dos requisitos da base 2 específica e todos os aspectos que se valorarán segundo o establecido na base 7 específica.

Para os festivais de artes escénicas e musicais, e mixtos e singulares deberá figurar na memoria o seguinte :

- **Relación completa** de bandas/compañías/grupos que conforman a programación do festival.
- Relación de bandas/grupos/compañías galegos
- Relación de bandas/grupos/compañías que usan a lingua galega como lingua habitual da súa proposta ou espectáculo.

2.3 Dossier de prensa da edición dos tres últimos festivais inmediatamente anteriores á edición que se presenta á subvención.

2.4 Plan de sustentabilidade do festival, vinculado aos obxectivos da Axenda 2030, tal e como se indica na base 2 das bases específicas da convocatoria.

2.5 Cartaces das últimas tres edicións realizadas do festival.

3. Memoria económica e orzamento.

A entidade solicitante presentarán neste apartado unha memoria económica que incluírá:

3.1 Orzamento completo e detallado do gasto subvencionable, no cal figuren todos os gastos subvencionables e a previsión de ingresos.

3.2 Importe da subvención solicitada, que poderá acadar o 70% do orzamento de gastos, sendo o límite máximo de 45.000,00 €.

3.3 Declaración doutras subvencións concedidas ou solicitadas para o mesmo obxecto.

3.4 Declaración das fontes de financiamento do proxecto na edición para a que se solicita apoio (achega da entidade solicitante, outros recursos externos para o autofinanciamento).

No caso de discrepancia entre os datos declarados pola entidade e os datos que constan nas certificacións, tomaranse como válidos os datos que figuren nas certificacións.

A entidade deberá completar todos os apartados dos modelos da memoria, para posibilitar a adecuada valoración das solicitudes. Non se valorarán os aspectos non acreditados ou informados debidamente pola entidade solicitante.

A entidade deberá presentar obrigatoriamente a documentación exisida segundo as plantillas ou modelos que figuran na plataforma Subtel.

ANEXO II - Documentación da xustificación

- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.
- Certificación dos gastos realizados. No caso de entidades públicas beneficiarias, este documento terá o carácter de certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade; nas restantes entidades deberá asinalo conxuntamente a persoa que exerza as funcións financeiras ou de tesourería e a persoa que exerza a representación legal da entidade respectiva. Este documento deberá descargarse dende a plataforma SUBTEL logo de ter completada na mesma a "Relación de gastos" cos datos dos xustificantes de gasto.
- Relación detallada de todos os ingresos concedidos por outras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos ingresos propios afectados á actividade subvencionada, ou, pola contra, declaración de non ter outros ingresos públicos ou privados para o mesmo obxecto. No caso de entidades públicas beneficiarias, este documento deberá ter o carácter de certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade; no caso de persoas beneficiarias privadas, deberán asinalo as persoas que exerzan a responsabilidade de tesourería e a representación legal da entidade.
- Declaración de non ter pendente de xustificación ningunha outra axuda da Deputación na que xa rematara o prazo para a presentación de xustificantes.
- A entidade indicará se está ou non exenta do IVE e se está suxeita á regra de rateo a porcentaxe deducible, xa que só poderá terse en conta o cargo co dito imposto cando sexa soportado pola entidade e na porcentaxe que non fora deducible.
- Designación de conta bancaria da entidade no modelo aprobado pola Deputación da Coruña e certificado acreditativo da titularidade da conta emitido e asinado electronicamente pola entidade bancaria correspondente. En caso de que estes datos xa consten no ficheiro de terceiros da Deputación, non resultará preciso achegar estes documentos.
- Certificación do cumprimento total das obrigas contempladas na base específica 6: compromisos e obrigas específicas (especificamente as obrigas de publicidade). Este documento deberán asinalo conxuntamente a persoa que exerza as funcións de secretaría e a persoa que exerza a representación legal da entidade.
- Acreditación gráfica (link, fotografía ou imaxe) do cumprimento das obrigas de publicidade contempladas na base 6: compromisos e obrigas específicas.
- Memoria das actividades realizadas no festival, na que se acredite o cumprimento dos requisitos establecidos na base específica 2 para a concesión da subvención, e que conterá, como mínimo, os seguintes aspectos: actividades desenvolvidas, temporalización, ámbito territorial, cuantificación e perfil dos participantes, resultados obtidos, accións e medidas de sustentabilidade levadas a cabo, programación, etc. Igualmente, de ser o caso, deberá especificar

motivadamente a vinculación dos gastos de persoal, desprazamento, manutención e aloxamento coa actividade subvencionada.

- No suposto de que a subvención se xustifique con **gastos de persoal**, indicárase, para cada traballador/a e mes, o importe bruto da nómina e o importe da seguridade social con cargo á entidade.

A Coruña, 28 de decembro de 2023

O presidente,

Valentín González Formoso

A secretaria,

Amparo Taboada Gil

2023/10214